

ANUNCIO

En data **17/02/2025** ditouse a Resolución da Alcaldía núm. 2025-0042 [Resolución PR/2025/53 - Actuación xenérica para decretos] pola que se aproban as bases de participación e o modelo de solicitude da **VII Feira do queixo de Moeche**, que se achegan como anexo a este anuncio.

Moeche, na data da sinatura dixital.

A alcaldesa.

Asdo.: Beatriz Bascoy Maceiras.



Anexo I

Bases de participación na "VII Feira do queixo de Moeche"

1. A feira do queixo de Moeche é unha cita que pretende fomentar o consumo e a cultura do queixo, na que desexamos ofrecer aos asistentes un ambiente agradable e lúdico, no que poidan desfrutar da calidade e o saber facer dos produtores. A **"VII Feira do queixo de Moeche"** terá lugar o día **30 de marzo de 2025 todo o día** no recinto feiral do Concello de Moeche.

2. As persoas interesadas en participar deberán solicitar a súa inscrición a través da sede electrónica do Concello de Moeche <https://moeche.sedelectronica.gal/info.0> . O **prazo de inscrición vai desde o día 20/02/2025 ata o día 05/03/2025**. Confirmaráselles a súa participación a través do enderezo electrónico que indiquen na solicitude.

As **solicitudes serán atendidas por orde de chegada**, tendo preferencia, no caso das queixerías, as que participasen noutras edicións e dentro destas as que o fixesen de forma contínua. Se é a **primeira vez que asiste, deberase achegar coa solicitude unha copia do rexistro sanitario dos seus produtos**.

E no caso dos postos restantes (pan, mel, outros...) terán preferencia:

Primeiro: os inscritos no rexistro de Artesanía Alimentaria (deben de achegar o documento de inscrición) e, dentro destes, os que xa viñeran outros anos de forma contínua.

Segundo: os postos de alimentación que non estando inscritos no dito rexistro, participasen de forma contínua noutras edicións da feira.

Terceiro: outros postos que nunca participasen na feira nin pertencen ao rexistro de artesanía alimentaria de Galicia.

Unha vez recibidas as solicitudes, aquelas que poidan resultar como non admitidas por falta de espazo, quedarán en lista de agarda por se se producise algunha baixa.

3. Establécense as seguintes cotas de inscrición na " VII Feira do queixo de Moeche":

Segundo o posto	Cota
Postos da nave principal (queixerías ou calquera outro que se poida autorizar)	30 €
Resto postos alimentación (mel, chocolate, etc) (carpa exterior)	20 €

A cota inclúe o dereito a participar, a mesa e mostrador para exposición, e de ser necesario electricidade (deberase indicar na solicitude).

A cota deberase pagar na Casa do Concello ou na conta bancaria **ES65 2080 0210 1731 1000 0016 (Abanca)**. **O pagamento farase unha vez recibida a confirmación de participación por parte do concello e nun prazo de cinco días hábiles seguintes. No concepto debe constar o nome e apelidos da persoa participante e nome da queixería ou entidade.**

4. A queixería convidada está excluída do pagamento da cota de participación ao igual que as entidades colaboradoras con ubicación determinada.

5. Os e as participantes na **" VII Feira do queixo de Moeche"** comprométese a asistir o día 30 de marzo de 2025, a teren o seu posto aberto en horario de atención ao público de 10:00 a 18:30 horas e comprométese a coidar a presentación do seu posto e do seu produto durante toda a xornada

6. O recinto estará aberto para montaxe dos postos desde as 08:30 h.



ANEXO II

Solicitud de participación na "VII Feira do queixo de Moeche"

30 de marzo de 2025 (Prazo de inscrición: do 20/02/2025 ao 05/03/2025)

Pola presente solicito ser admitido/a como participante na "VII Feira do queixo de Moeche", e comprométome a asistir o día **30 de marzo** e ter o meu posto aberto en horario de atención ao público de **10:00 a 18.30 h.**

Don/a:

En representación da empresa:

DNI ou CIF:

Enderezo:

Teléfono de contacto :

Preciso electricidade: (si/non)

Inscrito no rexistro de Artesanía Alimentaria: Sí (achegará o documento que o acredite)
 Non

Estou interesado/a en presentar un dos meus queixos na cata: (*pór aquí a descrición do queixo e o nome do mesmo*)

IMPORTANTE: a Feira do queixo de Moeche é unha cita que pretende fomentar o consumo e a cultura do queixo, na que desexamos ofrecer aos asistentes un ambiente agradable e lúdico, no que poidan desfrutar da calidade e o saber facer dos produtores. Por este motivo pregamos aos participantes que coiden a presentación do seu posto e do seu produto. Salvo que se notifique con antelación o contrario por parte do interesado, cada participante terá a súa disposición unha mesa para a colocación dos produtos. O recinto estará aberto para a **MONTAXE DE POSTOS** a partir **das 8.30 h.**

A inscrición deberase facer por sede electrónica, <https://moeche.sedelectronica.gal/info.0>

A cota deberase pagar na Casa do Concello ou na conta bancaria: **ES65 2080 0210 1731 1000 0016 (Abanca)**

O pagamento farase unha vez recibida a confirmación de participación por parte do concello e nun prazo de cinco días hábiles seguintes. No concepto debe constar o nome e apelidos da persoa participante e nome da queixería ou entidade.

Segundo o posto	Cota
Postos da nave principal (queixerías ou calquera outro que se poida autorizar)	30 €
Resto postos alimentación (mel, chocolate, etc) (carpa exterior)	20 €

*** Nota:** a queixería convidada está excluída do pagamento ao igual que as entidades colaboradoras con ubicación determinada

Moitas grazas pola túa colaboración

Información: correo@moche.gal

